



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PEL CONCELLOS 2026.

EXPEDIENTE: 2026/G003/000148 (Decretos).
EXPEDIENTE: 2025/A008/000021 (Subvencións).
EXPEDIENTE: 2026/E001/000002

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que por resolución de alcaldía 131/2026, de data 08/05/2026, aprobouse a lista definitiva de admitidos para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2026.

Vista a acta asinada polo tribunal encargado da selección o día 11/05/2026, do proceso de selección persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2026.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Propoñer a formalización do contrato laboral temporal para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2026, dos seguintes candidatos:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación total
326****E	Juan Francisco García Ramos	13,51
332****N	Juan Vazquez Astray	13,53

SEGUNDO.- Propoñer a creación dunha lista de reserva de contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no proceso selectivo, daqueles candidatos que non foron propostos para a contratación, a través do programa PEL Concellos 2026:



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



DNI	Nome e apelidos	Total
09*****9R	José Eladio García Pedrero	11,04
49*****4V	Lucía Boado Ares	7,21
20*****6C	Valeria Corral Bergantiños	6,31

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

CUARTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.